

◆ TIVO A HONRA DE RETRANSMITI-LO TRASLADO DOS RESTOS DE CASTELAO A COMPOSTELA

Tareixa Navaza defende uns medios de comunicación ó servizo da sociedade

Foi a primeira muller que podemos ver o fronte dun telexornal nos fogares galegos, loitadora incansable do seu país e da liberdade de expresión, sem-

pre tivo que padecer as censuras motivadas polas súas propias opinións persoais. Dende a radio pasando pola televisión, conquistou todos os espazos po-

los que pasou, como por exemplo un orixinal tempo meteorolóxico que daba intercalando todo tipo de noticias que ocurrían nos cinco continentes.

"Para ser xornalista hai que vivir este mundo as 24 horas do día"

SANTIAGO. Gemma Sesar. Esta grandísima profesional recorda nesta entrevista a retransmisión dos restos de Castelao cando ó leer uns fragmentos de *Sempre en Galiza*, foi acusada de terrorista. A súa loita segue como deputada polo BNG no Concello de Administración da RTVG, dende onde defende que os medios funcionan como públicos e non se poñan o servizo do partido que goberne.

—¿Cómo comezou nos medios?

—Sempre gustoume moito a radio, a tiña todo o día posta e unha vez escoitei que necesitábase unha locutora e que fan a facer unhas probas. Presenteime, aceptáronme e con dezaseis anos empecei a traballar neste medio; neses anos tiñamos un director moi duro que mandabanos poñer acento a Burgos. A verdade é que foron uns momentos de aprendizaxe e preparación para o que vendría despois.

—E logo chegou a súa verdadeira oportunidade...

—Sí, poucos anos despois chegou outro director, Diego Basilio, que nese momento acababa de comezar un programa en Madrid e buscaba ter un delegado

para mandar noticias, grabadas, de Galicia; ó final cansáronse de grabalas e puxéronme en conexión directa como había noutras cidades. Este programa era moi adelantado para a súa época, o franquismo, e tiñamos que pelexar cá censura, tanto é así que houbo intras nos que só se podía falar do tempo e das festas.

—E de ahí pasou a televisión...

—Sí, un día Enrique Mariñas, que era o director de RNE, ofreceme traballar na Televisión Española en Galicia, que acababa de empezar a súa andadura. Fixen unhas probas e no ano 73 xa estou compaxinando a radio e a televisión. Pero no ano oitenta tiven que deixar unha das dúas, entón escollín a tele porque a radio estaba moi centralizada, sen embargo na televisión éramos un pequeno grupo con desexos de democratizar...

—Pero houbo unha época moi conflictiva na televisión.

—Sí, cando chegaron aquí os restos de Castelao tiñamos que facer a transmisión e a mín tocoume a parte do avance cara Santo Domingo de Bonaval. Como se estaba a falar del coma de-
buxante e coma humorista, e non



Foto: Fernando

se facía referencia a súa faceta como político, decidín ir lendo partes de *Sempre en Galiza* mentres o féretro chegaba. Isto custou a destitución do director do centro de televisión e a mín creoume problemas, incluso nun periódico puxeron que unha terrorista retransmitira a chegada dos restos de Castelao.

El confesionario

E xa para rematar un sinxelo cuestionario onde deixaranos ver, un pouco máis, a súa personalidade:

Unha cidade: Compostela.

Unha película: *La sal de la tierra*.

Unha canción: *Yesterday*.

Un libro: *Follas Novas* de Rosalía.

Unha época: a actual.

Un recordo: a miña infancia.

Unha situación política: a consecución dos trece deputados do BNG.

Unha afección: o cine.

Un periodista: gustárame as crónicas irónicas de Maruja Torres.

Un vicio: dormir pouco.

Un defecto: a impaciencia.

Un personaxe: os meus pais.

Na búsqueda da liberdade baséase hoxe a frase, dun escritor alemán que pon punto e fin a esta entrevista: "So é digno da liberdade e da vida, os que todos os días esforzarse en conquistalas" Goethe.

"No ano 1973 compaxinaba a radio e a televisión, pero no oitenta tiven que deixar unha das dúas cousas e entón decidín escolle-la tele"

"Hai que ser crítico, pelexar pola ética e ter respecto por todos os grupos"

—Con tantos anos de experiencia, ¿cal sería o seu consello para aqueles que se inician na profesión?

—Moita vocación porque se isto non te gusta é difícil; prepararse moito, aprender o máximo posible, e o que non se saiba preguntalo a especialistas sen vergoña; facer un traballo ben feito, porque non hai seccións máis ou menos importantes, senon que o fundamental é o traballo documentado; ser crítico, ético e ter respecto. Se tes condicións e falo con honestidade, obtes unha satisfacción incomparable: que alguen siga o que fas.

—A pesar dos seus problemas en televisión, tamén pasou por momentos positivos e dun traballo satisfactorio...

—Cando volvemos a cambiar de director comeza unha boa época, faciamos un magazine no que se abría a porta a todo o que tivera algo que dicir, tivemos uns índices de audiencia moi altos. Ademais creáronse uns premios, que non tiveron continuidade, Santiago para os cales Isaac Díaz Pardo fixo un trofeo en Sargadelos; e para celebralo houbo unha festa no Hostal ó que asistiron Paco Rabal, Ana Belén, Mario Granell...

—E despois dun parón volta o mundillo televisivo...

—Sí, e seguíanme censurando porque nos programas que eu tiña podía participar todo o que quixera. E chega unha época na que me piden que faga o tempo, os primeiros días foron difíciles pero logo decidín facer un tempo distinto e así aproveitaba para falar de todo tipo de cousas dende culturais, laborais, sociais... Pero tamén me afastaron desta sección e mandáronme facelo en off, soamente poñendo a voz e interpretando o parte de A Coruña.

—¿E na época actual?

—Cando o BNG consegue trece deputados, propuxéronme ir como independente no Consello de Administración da Radio Televisión de Galicia. Isto é o que estou a facer dende fai tres anos, co obxectivo de que se respete a lei de creación da compañía e para que a radio e a televisión funcionen como públicas, independentemente do partido que esté no poder.

—Sempre loitou polas cousas que cría importantes...

—Sí, a verdade é que son excesivamente impulsiva nestos aspectos. Isto ten unha parte boa, que o solto todo, e unha mala porque debería contar ata dez antes de dicir as cousas. Pero o que si é certo e que loito ata o final polo que creo, sen pensar no que poda pasarme. Afortunadamente este traballo é algo moi vocacional, para traballar nun medio de comunicación hai que vivir este mundo as vinte e catro horas do día, e tes que pelexar por moitísimas temas sen poñer nunca barreiras.

—¿Cal debe ser o rasgo principal dun periodista?

—Que coñeza o mundo no que se move, non se pode escribir ou intentar informar de algo que se descoñece, un ten que informarse antes de tratar de chegar ó público. Un periodista ten que saber a realidade política, social e económica do seu país. Creeo que xa é hora de borrar esa especie de complexo de inferioridade dos galegos, que sempre pensan que as cousas de forá son as máis importantes e temos que ressaltalas por riba do que temos nós.



A xornalista galega pelexa por uns medios obxectivos e que respeten todos os grupos

Gallego